

Bo día! Que tal foron eses experimentos?

Hoxe vamos a comezar cun enigma <http://www.rjb.csic.es/Botanico/misterio.php>. No xardín botánico houbo un asasinato e, seguindo as pistas cos nosos coñecementos sobre as plantas, descubriremos quen foi o culpable. Ao rematar, escribe na túa libreta un pequeno comentario contándome se foi doado ou difícil, aquelas cousas novas que aprendiches e que che pareceu o xogo.

Agora, propóñovos facer unha listaxe de todo o que comedes nun día, ou se preferides nestes tres días. Clasifica os alimentos segundo sexan ricos en proteínas, vitaminas e minerais ou graxas e hidratos de carbono. Foron comidas saudables? Comiches as cinco froitas e verduras diarias? Canta auga bebiches?

Por outra banda, a semana pasada, O circo do sol publicou un vídeo de 1 hora cun resumo de varios dos seus espectáculos. Convíдовos a que vexades aínda que sexa un anaquiño xa que é unha verdadeira chulada. <https://www.youtube.com/watch?v=nQ5eUJNXrMw>

- En que etapa da vida considerades que están a maioría destes artistas? Por que?
- Cres que estas persoas teñen hábitos saudables? Pon algúns exemplos e explica por que.

Por último, e volvendo ás plantas, mándovos este enlace a un xogo sobre a polinización por se é do voso interese.

<http://www.rjb.csic.es/jardinbotanico/jardin/contenido.php?Pag=30&tipo=noticia&cod=5258>

Boa semana!!